



# CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n.- Cesullas  
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS  
(A Coruña)

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30  
Telefax 981 75 42 29  
[www.concello-cabana.es](http://www.concello-cabana.es)  
cabana@concello-cabana.es

## **ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DA CORPORACIÓN DO DÍA 13 DE XUÑO DE 2015.**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial de Cabana de Bergantiños, ás 9:30 horas do día 13 de xuño de 2015.

### **CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN.**

A Secretaria explica que segundo o determinado na LOREG procederase á formación da Mesa de Idade, constituída polo/pola concelleiro/a de máis idade e o/a de menor idade. Resultan ser D. Enrique Díaz Varela e D<sup>a</sup> Miriam Mato Gil, que proceden á promesa e xuramento dos seus cargos de concelleiro segundo fórmula legal e a constituír xunto coa Secretaria a Mesa de Idade.

Seguidamente cada un/unha dos/das concelleiros/as electos/as toman posesión dos seus cargos, previo xuramento (Sr. Muíño, Sra. Torrado, Sr. Paredes) ou promesa (Sr. Sande, Sr. Allo, Sra. Recarey, Sra. Méndez, Sra. Barreira e Sr. Souto, manifestando este último que o fai por imperativo legal) do mesmo e toman asento no seu correspondente lugar.

Constituída a Corporación procédese á

### **ELECCIÓN DO ALCALDE.**

A Secretaria explica que segundo a determinación do artigo 197 da LOREG poderá ser candidato a alcalde os que encabecen as súas correspondentes listas electorais.

Preséntanse as seguintes candidaturas:

D. José Muíño Domínguez, pola lista do PP.

D. Enrique Díaz Varela, pola lista do PSOE.

D. Fernando M. Souto Verdes, pola lista do BNG.

A continuación, por votación a man alzada, resulta o seguinte resultado:

D. Fernando M. Souto Verdes, 1 voto de si mesmo.

D. Enrique Díaz Varela, 3 votos: o seu e os de D<sup>a</sup> Vanesa Barreira e D. Adrián Paredes.

D. José Muíño Domínguez, 7 votos: o seu e o dos Señores/as Sande, Allo, Recarey, Torrado, Méndez e Mato.

A Secretaria manifesta que por ter obtido a maioría absoluta de votos, segundo o determinado na LOREG queda elixido alcalde D. José Muíño Domínguez, quen presta ante a Mesa xuramento do seu cargo de Alcalde (segundo fórmula legal) e toma posesión da Presidencia do acto.

A continuación a Tesoureira municipal faille entrega da Acta de arqueo que suscribe o Alcalde xunto coa Interventora e Tesoureira municipal.

Seguidamente o Sr. Alcalde abre o turno de intervencións que inicia o Sr. Souto Verdes agradecendo o apoio ás persoas que lle votaron e manifestando o seu compromiso a defender os intereses xerais do pobo de Cabana.

No seu turno, D. Enrique Díaz felicita ao Partido Popular polos resultados obtidos e deséxalles un bo goberno, manifestando a súa intención de facer unha oposición construtiva e velar polos intereses de Cabana.

Por último, intervén o Sr. Alcalde dando as grazas a todos polo apoio que lle prestaron e agradecendo a labor do persoal do concello. Manifesta así mesmo o seu desexo de que a lexislatura sexa importante para Cabana, levantando sen máis o acto, sendo as 9.45 horas.

Do actuado, eu Secretaria, dou fe.

**O ALCALDE**



**Asdo. José Muíño Domínguez**

**A SECRETARIA POR ACUMULACIÓN**



**Asdo. Rosa Ana García Fernández**